


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
LINGUA GALEGA E LITERATURA
CURSO 2021.22
2º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2	CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	4
3	CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:.....	5
4	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	9
4.1	Actividade lectiva presencial.....	9
4.2	Actividade lectiva semipresencial.....	9
4.2	Actividade lectiva a distancia.....	9
5	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	9
6	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	10
6.1	REQUISITOS DE PROMOCIÓN	11
7	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	11
	OPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	13
8	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.....	13
9	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	13
10	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	13
11	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.	13
12	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	14

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A distribución de competencias por estándar está reflectido no punto 3 da programación.

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	2021_2022		
NIVEL	2º PRIMARIA	ÁREA	Lingua Galega (LG)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar							
LG-B1.2	2º-LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	Entende a información que lle pode transmitir un documento audiovisual con imaxes e con son, de acordo a súa idade.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CD CAA CSC
LG-B1.3	2º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	Fala unha conversa cun neno/a da súa idade, cumprindo as habilidades sociais que hai que ter nun diálogo entre iguais.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Asamblea.	CCL CAA CSC CSEIEE
LG-B1.3	2º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e	Capta as explicacións que proporciona o mestre/a sobre un traballo a realizar na clase, e pregunta dúbidas sobre si hai algo	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.	que non entende.					
LG-B1.3	2º-LGB1.3.4 - Participa no traballo en grupo.	Presenta información sobre o que se pode facer nun traballo en grupo, e respecta e valora as aportacións dos demais integrantes do grupo.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSIEE CAA
LG-B1.7	2º-LGB1.7.1 - Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	Valora todas as aportacións que poidan presentar os compañeiros/as a un traballo en grupo, ademais de colaborar tendo o material que o mestre demanda para levar a cabo unha achega	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA CSIEE
Bloque 2: Comunicación escrita: ler							
LG-B2.1	2º-LGB2.1.2 - Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	Entende a información que se lle transmite nunha invitación, felicitación, circular que mande o mestre/a ou unha circular que se lle envíe ás familias, en temas relativos ás saídas ou ás conmemoracións que se celebren na escola.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir							
LG-B3.1	2º-LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.	Escribe invitacións, felicitacións ou avisos para a súa casa con coherencia, tendo en conta a súa idade.		✓	✓	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva.	CCL CSIEE CAA
LG-B3.1	2º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das	Usa as normas ortográficas que se lle esixen no seu nivel, prestando atención ao uso das maiúsculas.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL CSC CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	maiúsculas.						
Bloque 4: Coñecemento da lingua							
LG-B4.1	2º-LGB4.1.2 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	Diferencia e segmenta as sílabas dun exercicio dado.	✓	✓		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos.	CCL CAA
LG-B4.1	2º-LGB4.1.3 - Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	Recoñece os nomes comúns e propios, nos exercicios que se lle propoñen.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.	CCL CAA
LG-B4.1	2º-LGB4.1.4 - Sinala o xénero e número de palabras dadas	Identifica o xénero e o número de palabras que lle son presentadas nos exercicios de clase.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.	CCL CAA
LG-B4.3	2º-LGB4.3.1 - Recoñece a relación entre son e grafía.	Sabe escribir palabras, frases ou textos de forma libre.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos.	CCL CAA
Bloque 5: Educación literaria							
LG-B5.1	2º-LGB5.1.1 - Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	Repite de memoria textos sinxelos: poemas, adiviñas, refráns e cantigas.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCCL CAA CCEC
LG-B5.2	2º-LGB5.2.1 - Le de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora	Le en silencio textos escritos.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CCEC
LG-B5.2	2º-LGB5.2.2 - Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar	Le textos infantís coa axuda do mestre/a e exprésaos dunha forma adecuada.	✓	✓	✓	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CCEC

progresivamente á expresividade lectora.						
---	--	--	--	--	--	--

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Actividade lectiva presencial.

A metodoloxía de aprendizaxe nesta área tamén está baseada en RETOS que se fundamenta na aprendizaxe competencial, dando sentido práctico aos coñecementos adquiridos vinculándoos co ámbito persoal, familiar e social do alumnado.

Os contidos da unidade, para avanzar nas destrezas tanto orais como escritas (receptivas e produtivas), traballaranse mediante a realización de actividades que leven ao alumnado a un achegamento intuitivo aos conceptos gramaticais, léxicos, ortográficos, etc., dun xeito lúdico e atractivo.

Dividiranse sempre en dous apartados:

1. Comunícome: escoito e falo. Leo e comprendo. Escribo e creo.
2. Coñezo a lingua: aprendo a lingua. Aprendo palabras. Escribo ben.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo cando as circunstancias o permitan.

4.2. Actividade lectiva semipresencial.

No caso de que teñamos que combinar o traballo presencial e a distancia, porque parte do grupo estea na aula e parte na casa, a metodoloxía rexeráse polos mesmos principios xerais que a presencial. O equipo docente planificará actividades atractivas. O alumnado que deba permanecer na casa e se atope en condicións de saúde, poderá seguir as clases facendo esas actividades que poñeremos ao seu alcance na Aula virtual. Combinaremos explicacións e tarefas escritas con recursos educativos en liña, e terán o noso apoio a través do correo electrónico, Abalar e o teléfono.

Para levar a cabo as actividades requiridas, empregaranse os mesmos recursos que nun escenario presencial:

- a. Materiais curriculares de elaboración propia.
- b. Recursos educativos da web.
- c. Enlaces a xogos, contos e vídeos doutras aplicacións interactivas.

Actividade lectiva a distancia.

No caso de confinamento ou corentena de todo o grupo, o contacto con alumnado e familia e seguimento das clases empregaranse a aula virtual para subir os contidos de xeito planificado, realizar explicacións mediante vídeos educativos e realizar videochamadas a través de webex para ter contacto co alumnado e solucionar dúbidas e para realizar algunha clase online.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A continuación reflectimos os materiais e recursos empregaremos como materiais da aula, do alumno e recursos dixitais como:

- Recursos audiovisuais como vídeos sinxelos, láminas, fotografías...

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

@ceip.mosteiron@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteiron/>

- Uso das TIC. Ordenadores individuais e taboleiro dixital, radio escolar.
- Uso da Aula Virtua (Moodle) para crear distintas actividades que poidan facer na casa como repaso ou ampliación.
- Material manipulativo (revistas, xornais, moedas, reloxos....)
- Fichas de reforzo, ampliación e control.
- Caderno de traballo.
- Biblioteca do centro.
- Producións plásticas
- Biblioteca de aula.
- Audios e videos interactivos.
- Xogos didácticos e lúdicos

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será sistemática, continua, formativa e integradora.

Teráanse en conta as avaliacións inicial, continua, formativa e final sen esquecer a nosa propia autoavaliación.

A avaliación ordinaria será a mesma nota da terceira avaliación ou máis alta.

Os criterios sobre a avaliación serán os recollidos no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación presencial:

- Análise das producións dos alumnos 40 %
 - Caderno de clase 20 %
 - Producións orais 10 %
 - Traballos feitos polos alumnos 10 %
- Probas específicas escritas ou orais. Resolución de exercicios e actividades 40%
- Valoración de actitudes na aula: atención, interese, escoita, participación, colaboración, motivación e cumprimento das normas de aula. 20 %

As probas calificaránse sobre 10 puntos. Os resultados expresaránse da seguinte maneira: de 0-4 puntos –IN, de 5 puntos SU -6 puntos BE, de 7-8 puntos NO de 9-10 puntos SB.

Para ter superada a materia debe ter alcanzado todos os mínimos.

Estableceranse 2/3 probas ao longo de cada trimestre.

Avaliación non presencial:

As probas poderán ser substituídas por fichas, tarefas, actividades interactivas... que deberán ser entregadas no prazo estipulado. Os criterios de cualificación serán os mesmos criterios que na

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

avaliación ordinaria presencial agás nos estándares que se refíren a participación directa e oral nas actividades de aula

REQUISITOS DE PROMOCIÓN

1. Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.
2. Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
Avaliación	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar					

das aprendizaxe se información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: • Aos alumnos. • Ás familias.					
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	1	Omítese elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	4	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

OPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica cara ao alumnado repetidor, serán tanto organizativos como curriculares, retomar e secuenciar contidos de unidades anteriores, prestar axuda na execución de exercicios ou na toma de decisións. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Este plan específico de reforzo pretende dar un sustento as aprendizaxes do alumno de tal forma que non experimente desgana por repetir contidos, así como reforzar as relacións con novo grupo de alumnos.
- Levarase a cabo un traballo individualizado segundo as súas necesidades.
- Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu axeitado progreso.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial desenvolverase no mes de setembro. Principalmente valoraranse a través de probas escritas as competencias lingüística e matemática e mediante a observación directa, xogos e actividades orais o resto das materias.

Será unha avaliación informativa para partir dos coñecementos previos do alumnado.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No centro, no caso de que existan nenos/as con NEAE, presentárase unha atención individualizada. Contaremos cun banco de actividades tanto de reforzo como de ampliación. Ademais no caso de ser necesario, solicitaremos a colaboración do Departamento de Orientación e dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Tamén contamos coa posibilidade de pedir axuda o E.O.E. (equipo de orientación específica).

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Partindo dos elementos transversais do currículo traballaremos: A comprensión lectora (diferentes

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

tipos de textos, xornais, búsqueda de información, lecturas inferenciais...), a expresión oral e escrita (debates, asembleas, presentacións...) a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación (creación de vídeos, uso da radio, slogan, actividades online, uso da aula virtual...), o emprendemento e a educación cívica e constitucional (toma de decisións, deseño de actividades, participar no proxecto voz natura, reciclaxe, respetar o medio ambiente...), traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizarase, como mínimo, unha saída trimestral ,dependendo da situación sanitaria provocada pola COVID 19,de carácter pedagóxico e tamén participaremos nas conmemoracións establecidas na orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As propostas de saídas para este curso son:

- Carreira ENKI
- Andainas e saídas pola contorna

Estas saídas poden ser modificadas atendendo tanto ao currículo como a situación sanitaria provocada pola COVID 19.